

Arte

arterias artísticas
verónica martínez | Desterrada

Este mes, con nós, en **Chorima Atlántica**, Eduardo Hermida. Unha entrevista en estado puro, sen maquillaxe, pero con moita pintura e arte. O noso desafío é mostrarlles o nunca lido nen sabido sobre Eduardo Hermida.

Quizais o que todos sabemos del sexa máis ou menos isto: que estudou deseño na Escola de Artes Pablo Picasso de A Coruña, que traballou en axencias de publicidade e como escaparatista por toda Galicia. Dende hai 15 anos dedícase á pintura e á música ademais de impartir aulas de pintura, volume e debuxo no seu estudo do barrio de Canido, en Ferrol. Participou na II Edición de **Arte e Natureza** en Aldea Nova e ideou e xestionou o evento multicultural **As Meninas de Canido** desde 2008. Realizou tamén diversos murais entre o que destaca o da Praza de Armas en Ferrol de máis de 100 metros e feito en colaboración con 50 nenos. Ten ás súas costas máis de 50 exposicións entre España e Portugal. Ilustrou carátulas para grupos pop e varios contos infantís escritos por Yolanda Castaño e coa primeira edición de **Punver**, acadaron o récord de vendas en Galicia.

Na súa faceta musical, como compoñente de **Fabulosos Cubatas de Fockink brothers**, teñen tocado en máis de 800 ocasións por toda España e nalgúns certames internacionais de humor coma o de Zaragoza ou o de Panticosa e colaborou en proxectos musicais con diferentes músicos, principalmente galegos.

Pero o que nunca vimos, escoitamos, soubemos de Eduardo, vainolo contar hoxe.

Eduardo naceu no 1965, camiño de 46 anos ten unha filla, á que adora, Estrela, conta con 176 cm de altura, pesa sempre 77 quilos e utiliza un número 44 de pé e.... chicas!!!, está... solteiro...a súa música favorita é calquera de Rubén Blades.

Como persoa defínese a sí propio como soñador, sensible e tímido, aínda que semelle que non...Cóntanos que é artista porque a vida o fixo así...

Odia a inxustiza política e adora á súa filla, claro. É feliz vendoa medrar e só ela, Estrela, ten a capacidade de facelo infeliz. Odia tamén a falsedade e encántalle ler, recuperou recentemente a lectura, que a tiña un pouco abandonada e vólvelle a obsesionar, a ter tensión cos libros, a desexar rematalos. Gústalle andar en motocicleta e camiñar unha hora diaria. E adora pintar, pintar e pintar e recentemente facer fotografías. De sí mesmo gústalle que é nobre e non lle gustan os seus cambios de humor.

Ata hai un mes consideraba que tiña

feito todo aquilo polo que loitou e co que sempre soñou, pero agora sinte que o ten pendente é viaxar á Illa de Man en motocicleta.

Os seus pais son unha parte importantísima da súa vida, significan a confianza e a seguridade para seguir traballando cada día e Estrela é o concepto vital, é o centro, todo xira arredor dela. De cando era neno lémbrese do barrio de Canido onde debuxaba xa bosquejos nas paredes...

Hai 20 anos, tal día como hoxe, Eduardo vivía en A Coruña, remataba de estudar e traballaba nunha axencia de publicidade e dentro de 20 anos espera estar exactamente aquí, pesando os mesmos 77 quilos, pintando e comigo entrevistándoo...

O motivo polo que pinta e dá aulas de pintura, agora mesmo é porque é o seu medio de vida, pero adora dar aulas porque aprende moito ao estar con nenos. Dende pequeno quixo ser pintor; chegou un punto na súa vida no que decidiu ser valente e tentar vivir da súa paixón dado que era o que mellor sabía facer.

Canta por unha circunstancia, gustáballe cantar e apesares de non ter boa voz, o público decíalle que era moi simpático cantando e así nolo demostrou co tempo e agora a música convertiuse nunha necesidade...

A súa vida está conformada nun 33% pola pintura, noutro 33% pola música e o último 33% de dar aulas de debuxo. Cando pinta no seu estudio nunca pensa nos resultados, en que as súas obras poden formar parte dunha exposición; cada cadro é unha aprendizaxe en si mesma, cada cadro móstralle o que debe facer no seguinte, como unha evolución aínda que a conclusión sexa a mesma. Cada vez que comeza un cadro tenta forzar o anterior, é coma unha continuación, todos están relacionados entre si, coma unha serie que evoluciona cara algo que ao principio descoñece pero que evidentemente ten a base no anterior.

Non ten apego polas súas obras pictóricas, unha vez que as da por concluídas, cando lle gusta o efecto ou acadou o que buscaba, desfariase de todas...se alguén llas compra, venderíaa sempre e esqueceríase delas. Aconteceu de ver cadros propios de hai 25 anos e sorprenderse pensando: é meu!, pinteino eu! que ben está ou canto o podería mellorar agora.

No seu día a día érguese cedo, co desexo de ir ao estudo, de mercar o xornal para enterarse do que aconteceu o día anterior no mundo e comezar a pintar.

O seu obxectivo como artista é que a súa obra sexa respectada, non tanto



Eduardo Hermida no seu estudio de Ferrol

admirada. A admiración xa a sinte cando alguén se leva os seus cadros, pero gustaríalle obter o respecto das persoas que entendidas, dos críticos, doutros artistas, ...

Co seu primeiro salario mercou unha colección de discos de jazz, que despois vendeu para poder marchar a París. Non se presenta a concursos, polo que nunca foi premiado, xa que considera que poden estar dados de antemán. Para Eduardo a cidade de Ferrol é o que hai arredor de Canido. E Canido é o seu reino, por vaidoso que poida soar. O proxecto das Meninas nace pola necesidade de mellorar o seu barrio, doialle moito ver como se van degradando os antigos soportes da súa obra,

gustaba a Menina de Cabezas e pintou de branco por riba.

A raíz desta anécdota, déronse a coñecer, non pola nova do proxecto dun artista **tolo** que quería denunciar o estado no que estaba o seu barrio diante dos políticos, darlle cor, tentar rehabilitalo....senón porque o veciño tapou unha obra de arte...iso axudou, serviu para que se fixesen 139 meninas máis...

Escolleu as meninas porque é unha icona artística, que da moito xogo á hora de ser interpretada polos artistas e foi reproducida e versionada por moitos pintores españois. Houbo tres edicións das **Meninas de Canido** e morreu porque era un acto humano do barrio e

Os seus soños máis inmediatos son poder vivir ben da pintura, para non ter que pasar penurias económicas por dedicarse en exclusividade á arte, como lles aconteceu a moitos artistas da historia da arte, coma se fose un mal necesario este fado de vivir pobres para ser recoñecidos e ter valía.

Só desistiría dos seus soños, só deixaría de pintar, por mor dunha imposibilidade física.

A primeira vez que subiu a un escenario sentiu medo, vergonza...e ten fans e seguidores tanto na música coma na pintura.

No seu tempo libre e de ocio tamén pinta. Os sábados e domingos son os seus días preferidos para pintar, sobre todo os domingos pola mañá, cando os demais regresan aínda da festa do sábado... el vai pintar ao seu estudo.

Comezou a ser consciente de que pintaba no servizo militar. Debuxáballe aos compañeiros os seus petates e todos querían que lles ilustrase o seu.

Se non fose artista sería ilustrador de contos infantís ou profesor de debuxo. Como artista defínese como **postpop**. Sinte que a través da súa arte pode chegar a ser inmortal, xa que considera que a súa obra chega ao público, que somos capaces de ver o que el nos tenta transmitir, aínda que ás veces sexa percibida dun xeito máis superficial do que realmente é.

Sorri e móstrame as súas últimas obras, falamos durante horas, fóra de micrófono.

Adora as aulas porque aprende moito ao estar con nenos

ata descompoñerse, palpar como sae o abandono e a decadencia no seu barrio. Necesitaba facer algo, algo concreto e inmediato pero non sabía o que...e ocurriuselle continuar pintando as paredes, como facía de neno, pero pasando da tiza ao acrílico...empezou cunha menina, con dúas, sumáronse artistas, Gustavo, Carmela, a súa filla Estrela. Non había tráfico, era un verán de desfrutar da rúa... e chegou Jorge Cabezas, e a partir de aí foi un boom mediático. Un veciño ao que non lle

algúns decidiron mercantilizalo e nunha deberían ter saído de Canido...«as meninas son dos veciños e do barrio, non hai que levalas a ningún sitio»...di Eduardo entre emocionado e con rabia.

Síntese só sempre, o seu propio traballo transmítelle soidade, e precisa estar só fisicamente para traballar. Producíelle tristeza a fame, as catástrofes naturais ou humanas, e precisa sentirse útil neses momentos, ingresa cartos rapidamente nunha conta, que nunca ten a certeza de que chegue...

**EL TEATRO DE LA VIDA
DE TU VIDA**